

ESTREA EN NUMAX: 02.03.2026 | V.O.S.E. | +16 | 107 min

Marcielle, unha rapaza de 13 anos que vive na Illa de Marajó, en plena selva amazónica, empeza a comprender que o futuro non lle ofrece moitas oportunidades. Atrapada pola resignación da súa nai e impulsada polo exemplo da súa irmá, decide enfrontase ao engraxe violento que rexe a súa familia.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«A directora consegue un difícil equilibrio entre a denuncia da explotación e a exploración sensible mesmo con momentos de lirismo»

Diego Batlle, OTROS CINES



Entrevista con Marianna Brennand Fortes: «Ningunha muller é allea á violencia, todas a vivimos de preto»

Por Ana Cristina Castellanos

Como foi o proceso de solicitar testemuños reais para crear esta historia? Facer *Manas* levounos case oito anos de investigación. Viaxamos á illa Marajó a falar coas mulleres das comunidades para despois volver a casa a escribir o guión, construír personaxes complexos e o máis difícil: aprender a contar unha historia violenta respectando a todas as involucradas. Traballei xunto con outros guionistas brasileiros moi talentosos e sensibles como Carolina Benevides (a miña produtora), Marcelo Grabovski, Filipe Scholl, Antonia Pellegrino e Camila Agustini. Todos nos inspiramos no que escoitamos, e eu tiven a oportunidade de presentar esta historia desde unha perspectiva feminina, protexendo os corpos das nenas e evitando o sensacionalismo.

Como foi traballar con nenas e preparalas para encarnar a historia? Jamilli tiña 13 anos nese momento [a mesma idade que o personaxe] e queríamos protexela. Nunca actuara antes. Fomos moi coidadosos durante todo o proceso de cásting e preparación para garantir a súa seguridade. Levounos case un ano atopar as tres mozas principais que actúan na película. Logo tivemos case dous meses de talleres e ensaios cun profesor de actuación. Tanto Jamilli como Emily (que interpreta a Carol, a súa irmá) son nenas de cidade. Nunca tiña penetrado no bosque nin montaran en bote, así que tivemos que preparalas para nadar no río e colleitar açáí. Ademais, falamos cos pais dos nenos e tamén con eles. Sabían de que trataba a película. Jamilli sabía que interpretaba unha nena de 13 anos que sufrira abuso e fora explotada sexualmente, pero non lle dixemos exactamente o que representaban as escenas. Nunca lles permitimos ler o guión completo.

Por que cre que esta historia que sucede nun recuncho remoto de Brasil acadou eco internacional? *Manas* retrata a explotación sexual infantil no norte de Brasil, pero o abuso é algo que ocorre en todo o mundo. A historia impacta en todos os sitios nos que a proxectamos porque funciona como un espello social e político. Eu sei que a razón pola que conectou así de forte co público é porque ningunha muller é allea á violencia. Todas a vivimos de preto.

Como se transmite unha mensaxe tan forte sen mostrar escenas explícitas de violencia? Desde o principio tiven claro que *Manas* tiña que sentirse sen mostrar. Penso, por exemplo, na escena da caza. Levar ás nenas para cazar é un método usado polos agresores para abusar delas porque as afastan do sitio familiar. Para contar ese momento usamos o son e a posición das imaxes. Para min foi moi importante coidar cada detalle, xerar empatía e lograr que os espectadores non aparten a mirada fronte ao abuso, como pasa na vida real.

Na súa película hai personaxes moi complexos que interpelan o espectador, como a nai das nenas. Saír do cliché, das nocións do ben e do mal, é moi complexo. O personaxe da nai, por exemplo, foi moi complicado porque quería que, sen explicalo, entendese o profundo e doloroso que é sufrir violencia sistémica e non poder saír dela. Empezamos a película culpándoa, dan ganas de sacudila para que reaccione e axude a súa filla, pero logo sen necesidade de explicación, enténdela.